



NOTA DE PRENSA

CEA DA REPÚBLICA 2016 E PRESENTACIÓN DO ÚLTIMO LIBRO DE MANOLO MONGE: “Os borbóns: unha monarquía escandalosa”

- Os actos de homenaxe ó **Republicano de Honra** presentaranse nunha rolda de prensa o próximo **luns día 11**, ás 10.30 da mañá no Hotel Riazor.
- **Manolo Monge** presentará seu último libro en Portas Ártabras, o **martes día 12**, ás 19.30 horas.

A Coruña, 8 de abril do 2016 .- A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMHC) recorda a amigos e socios que xa poden facer a reserva para asistir a Cea da República 2016 a través do correo electrónico crmhacoruna@gmail.com ou chamando ó teléfono 607 506 231. A cea, na que se renderá homenaxe ao Republicano de Honra deste ano, se celebrará no Hotel Meliá María Pita o venres 15 de abril ás 21.30 horas.

O nomeamento de Republicano de Honra deste 2016 recaeu no movemento guerrilleiro galego. Os actos da homenaxe avanzaranse o próximo luns día 11 nunha **rolda de prensa** no **Hotel Riazor** ás **10.30 horas**.

Ao día seguinte, martes 12, a CRMH convida á presentación do último libro de **Manolo Monge**, *Os borbóns: unha monarquía escandalosa*. *A herdanza do franquismo*, que publica Laiovento. Terá lugar en **Portas Ártabras** (rúa Sinagoga, na cidade vella) ás **19.30 horas**.